

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM04	Márketing e publicidade	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1011	Traballo de campo na investigación comercial	2024/2025	6	105	126
MP1011_12	Planificación do traballo de campo	2024/2025	6	50	60
MP1011_22	A enquisa, a súa elaboración e o seu control	2024/2025	6	55	66

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA ISABEL BASTOS BOUBETA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Debido á estrutura do sector produtivo galego e da área de influencia do centro (pequena e mediana empresa fundamentalmente) é preciso un ciclo que prepare ao alumnado para desenvolver traballos en empresas comerciais e dentro de estas na investigación de mercados e no traballo de campo, tanto por conta propia como por conta allea, realizando funcións de planificación, organización e xestión de actividades de márketing, investigación comercial, publicidade e relacións públicas.

No noso Centro, que ven impartindo Formación Profesional na rama de Comercio e Márketing, constatamos que existe demanda de titulados por parte das empresas do noso contorno.

O desenvolvemento curricular deste Módulo vaise aplicar no IES A Guía que cumpre as condicións establecidas nos RD do Título e do Currículo canto a espazos, instalacións, número de alumnos por grupo, etc.

Tal e como se establece no RD do Título (Decreto 196/2013, de 27 de decembro, polo que se establece o Título de Técnico Superior en Marketing e Publicidade e fíxanse as súas ensinanzas mínimas), este Módulo Profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións relacionadas co traballo de campo na investigación comercial tales como:

- Planificar o traballo de campo dunha investigación comercial.
- Determinar as características do persoal de campo e criterios de selección das persoas enquisadoras
- Definir plans de formación, perfeccionamento e reciclaxe dun equipo de persoas enquisadoras
- Definir sistemas de motivación e remuneración do equipo de traballo de campo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- e) Organizar grupos de enquisadores/as e/ou entrevistadores/as, e realizar enquisas e/ou entrevistas, planificando o traballo de campo e utilizando as técnicas e os procedementos establecidos, para cumprir os obxectivos fixados no plan de investigación comercial.
- n) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, e supervisar o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos de grupo que se presenten
- ñ) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos axeitados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- o) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- q) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.
- r) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A Planificación do traballo de campo dunha investigación comercial		22	20
2	Necesidades, características e selección de persoal para o traballo de campo		16	10
3	A formación, perfeccionamento e reciclaxe do persoal para o traballo de campo		11	10
4	Liderado, motivación e remuneración do equipo de traballo de campo		11	10
5	A enquisa, interpretación e instrucións para a súa realización		45	40
6	A avaliación do traballo de campo dunha investigación comercial		21	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A Planificación do traballo de campo dunha investigación comercial	22

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica o traballo de campo dos enquisadores/entrevistadores, establecendo os medios e recursos necesarios e as pautas de actuación de acordo co plan de investigación.	SI
RA4 - Establece un sistema de motivación e remuneración do equipo de persoal enquisadores e/ou entrevistador que facilite o cumprimento do plan de investigación.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Elaborouse o plan de traballo de campo dunha investigación de mercados e de opinión, fixando os obxectivos, os recursos necesarios e as fases do proceso, en función do medio e a forma de obtención dos datos.
CA1.2 Determinouse a finalidade da dirección por obxectivos canto á definición de obxectivos, responsabilidades, competencias persoais, prazos, motivación, apoio técnico-emocional e toma de decisións.
CA1.3 Estabeceuse o método para a repartición de obxectivos colectivos e individuais entre os membros do equipo, fomentando a responsabilidade compartida e a transparencia na xestión e na información.
CA1.4 Aplicáronse técnicas de comunicación, presentación e reunións de equipo para explicar os obxectivos e o plan de traballo de campo aos membros do equipo.
CA1.5 Establecéronse os recursos necesarios para a realización do traballo de campo segundo o medio e a forma de enquisa (PAPI, CAPI, MCAPI, CATI, CAWI, etc.).
CA1.6 Programouse o traballo de campo no prazo previsto para cumprir os obxectivos do plan de investigación, utilizando cronogramas e aplicacións de xestión de tarefas.
CA1.7 Elaborouse o caderno de campo de cada membro do equipo, establecendo os obxectivos do traballo de campo e o número e a duración das entrevistas que cumpra realizar, de acordo coa normativa laboral e de prevención de riscos no traballo.
CA1.8 Planificouse a folia de ruta de cada persoa enquisadora, coas indicacións para a localización física e/ou selección, de ser o caso, das persoas que cumpra entrevistar.
CA4.1 Establecéronse os valores que a organización desexa transmitir e os obxectivos do plan de investigación, adecuando a estes as estratexias e os comportamentos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Elaboración do plan de traballo de campo nunha investigación de mercados.
Fases do traballo de campo nun estudo comercial.
Determinación dos obxectivos.
Planificación dos medios e dos recursos necesarios para o traballo de campo en función do medio e do tipo de enquisa (PAPI, CAPI, MCAPI, CATI e CAWI).
Asignación de obxectivos individuais e colectivos ao equipo de traballo de campo.
Programación do traballo de campo.
Elaboración do caderno de campo das persoas enquisadoras.

Contidos
Distribución territorial das persoas enquisadoras.
Localización e/ou selección dos elementos da mostra. Follas de ruta.
Determinación do número de persoas enquisadoras e/ou entrevistadoras necesarias para unha investigación comercial.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Necesidades, características e selección de persoal para o traballo de campo	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina as características do persoal de campo e os criterios de selección das persoas enquisadoras, atendendo ás necesidades e aos requisitos do plan de investigación comercial.	SI
RA4 - Establece un sistema de motivación e remuneración do equipo de persoal enquisadores e/ou entrevistador que facilite o cumprimento do plan de investigación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determinouse o número de persoas enquisadoras necesarias para realizar o traballo de campo dun determinado estudo comercial.
CA2.2 Descríbense os postos de traballo do persoal de campo, definindo as tarefas e as funcións que teñen que desenvolver as persoas enquisadoras e entrevistadoras.
CA2.3 Descríbiuse o perfil das persoas candidatas a enquisadoras e/ou entrevistadoras, definindo as características que se lles exigen, de acordo cos obxectivos e os requisitos do plan de investigación comercial.
CA2.4 Determináronse as accións para o recrutamento das persoas candidatas a enquisadoras e/ou entrevistadoras.
CA2.5 Establecéronse os criterios de selección, o procedemento e os instrumentos que cumpra utilizar para seleccionar o persoal de campo.
CA2.6 Creouse unha base de datos coa información das persoas candidatas preseleccionadas, asegurando a súa confidencialidade e a súa disposición para outros estudos comerciais.
CA2.7 Mantívose actualizada a base de datos das persoas candidatas preseleccionadas, constituíndo unha bolsa de persoal enquisador para atender as posibles baixas durante o proceso ou en posteriores investigacións.

Criterios de avaliación

CA4.3 Realizouse unha análise comparativa entre o perfil dos membros do equipo de persoal enquisador e os seus papeis na dinamización e na motivación do grupo.

CA4.4 Identificáronse as competencias profesionais e persoais que debe ter o xefe ou a xefa de campo, e/ou a persoa responsable dun equipo de persoal enquisador e/ou entrevistador.

4.2.e) Contidos
Contidos

Características, habilidades e coñecementos que se lles exigen ás persoas enquisadoras.

Fases do proceso de selección do persoal de campo.

Descrición do posto de traballo propio do persoal enquisador e/ou entrevistador.

Descrición do perfil profesional propio do posto do persoal enquisador e/ou entrevistador. Profesiograma.

Captación e selección dun equipo de persoas enquisadoras e/ou entrevistadoras.

Determinación das necesidades de formación do equipo de campo.

Dinamización e liderado do equipo de persoal enquisador.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A formación, perfeccionamento e reciclaxe do persoal para o traballo de campo	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Define os plans de formación, perfeccionamento e reciclaxe dun equipo de persoal enquisador, atendendo ás necesidades detectadas e as especificacións recibidas, para mellorar a súa capacitación, eficiencia e eficacia.	SI
RA4 - Establece un sistema de motivación e remuneración do equipo de persoal enquisadores e/ou entrevistador que facilite o cumprimento do plan de investigación.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Detectáronse as necesidades individuais e colectivas de formación do equipo de persoal enquisador, para a realización eficiente e eficaz do traballo de campo.
CA3.2 Fixáronse os obxectivos do plan de formación do persoal enquisador, en función dos obxectivos da investigación comercial e das necesidades detectadas.
CA3.3 Determináronse os medios e os recursos necesarios para a formación do equipo de persoas enquisadoras e/ou entrevistadoras, de acordo cos obxectivos formativos establecidos.
CA3.4 Deseñouse o plan de formación inicial do persoal enquisador en función dos obxectivos da investigación, os métodos de recollida de datos, o tipo de cuestionario, os requisitos do traballo que cumpra realizar e o orzamento dispoñible.
CA3.5 Programouse a formación teórica e de campo das persoas enquisadoras, aplicando técnicas de organización do traballo e programación de tarefas.
CA3.6 Determinouse a metodoloxía didáctica aplicable con adecuación ás características do equipo, ás necesidades formativas detectadas e aos obxectivos establecidos.
CA3.7 Elaborouse o plan de formación continua, perfeccionamento e actualización do equipo de persoal enquisador, con adecuación aos obxectivos e ás necesidades da organización, en función do orzamento establecido.
CA3.8 Avaliouse o plan de formación das persoas enquisadoras, valorando a adquisición de coñecementos e competencias que determinan a súa capacitación e profesionalización.
CA4.3 Realizouse unha análise comparativa entre o perfil dos membros do equipo de persoal enquisador e os seus papeis na dinamización e na motivación do grupo.

4.3.e) Contidos

Contidos
0Saúde e prevención de riscos no traballo de campo.
Determinación das necesidades de formación do equipo de campo.
Obxectivos e métodos de formación en equipos comerciais.
Plans de formación inicial do persoal enquisador.
Programas de formación continua, perfeccionamento e actualización de equipos de traballo de campo.
Formación teórico-práctica e formación sobre o terreo do persoal enquisador.
Avaliación de plans de formación.

Contidos
<p>0Técnicas de resolución de situacións conflitivas.</p> <p>Negociación e consenso entre as partes.</p> <p>Conciliación, mediación e arbitraje.</p> <p>Métodos de decisión en grupo.</p> <p>Técnicas de dinámica e dirección de grupos.</p> <p>Motivación do equipo de traballo de campo.</p> <p>Elementos de motivación e satisfacción no traballo.</p> <p>Mellora das condicións e promoción interna.</p> <p>Formación e promoción profesional.</p> <p>Situacións de conflito nas relacións en equipos de campo.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Liderado, motivación e remuneración do equipo de traballo de campo	11

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Establece un sistema de motivación e remuneración do equipo de persoal enquisadores e/ou entrevistador que facilite o cumprimento do plan de investigación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Establecéronse os valores que a organización desexa transmitir e os obxectivos do plan de investigación, adecuando a estes as estratexias e os comportamentos.
CA4.2 Identifícaronse os estilos de mando e liderado aplicables a equipos de traballo, e propuxéronse técnicas de dinámica de grupos para o traballo en equipo.

Crterios de avaliación

CA4.3 Realizouse unha análise comparativa entre o perfil dos membros do equipo de persoal enquisador e os seus papeis na dinamización e na motivación do grupo.

CA4.4 Identificáronse as competencias profesionais e persoais que debe ter o xefe ou a xefa de campo, e/ou a persoa responsable dun equipo de persoal enquisador e/ou entrevistador.

CA4.5 Determináronse os principais aspectos e elementos de motivación e satisfacción no traballo dun equipo de persoas enquisadoras e/ou entrevistadoras.

CA4.6 Establecéronse os incentivos económicos para o persoal de campo en función de parámetros de rendemento e produtividade prefixados, coñecidos e avaliábeis.

CA4.7 Analizouse a xornada laboral efectiva dos equipos de persoal enquisador e os xeitos de retribución habituais, en función de diversas situacións laborais.

CA4.8 Estableceuse o sistema de remuneración do equipo de traballo de campo máis axeitado, atendendo aos requisitos do plan de investigación e á política de recursos humanos da organización.

4.4.e) Contidos**Contidos**

Programas de formación continua, perfeccionamento e actualización de equipos de traballo de campo.

Avaliación de plans de formación.

Estilos de mando e liderado.

Técnicas de resolución de situacións conflitivas.

Negociación e consenso entre as partes.

Conciliación, mediación e arbitraje.

Métodos de decisión en grupo.

Retribución e rendemento do equipo de traballo de campo.

Sistemas de retribución do equipo de persoal enquisador e/ou entrevistador.

Dinamización e liderado do equipo de persoal enquisador.

Técnicas de dinámica e dirección de grupos.

Motivación do equipo de traballo de campo.

Contidos
Elementos de motivación e satisfacción no traballo.
Incentivos económicos.
Mellora das condicións e promoción interna.
Formación e promoción profesional.
Situacións de conflito nas relacións en equipos de campo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A enquisa, interpretación e instrucións para a súa realización	45

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta o cuestionario e as instrucións recibidas para a realización da enquisa, utilizando con eficacia os medios dispoñibles para garantir a exactitude e a validez das respostas.	NO
RA2 - Establece o sistema de avaliación e control do traballo de campo e o desempeño dos membros do equipo, aplicando técnicas de supervisión e control, para asegurar a calidade do proceso.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o cuestionario, as instrucións e demais elementos da enquisa, prestándolles especial interese aos tipos de preguntas, á documentación de apoio e á normativa e aos códigos éticos de realización de enquisas.
CA1.2 Repetíuse reiteradamente o cuestionario ata se familiarizar co seu contido, identificando as dúbidas e procurando solucións co material de apoio.
CA1.3 Aplicáronse as normas e os criterios establecidos no plan de traballo de campo para a localización, o contacto e a selección das persoas entrevistadas, de acordo cos medios e coa modalidade de enquisa (PAPI, CAPI, MCAPI, CATI, CAWI, etc.).
CA1.4 Simulouse a realización da enquisa respectando a orde das preguntas, o ritmo e o tempo estimado no caderno de traballo, e evitado os prexuízos e as valoracións interpretativas que puidesen nesgar a información achegada pola persoa enquisada.
CA1.5 Completouse o cuestionario, rexistrando ou gravando as respostas en impreso ou soporte informático, incluídos os datos persoais da persoa enquisada, cumprindo as normas de protección de datos, códigos éticos ESOMAR, etc.

Criterios de avaliación

CA1.6 Estableceuse a actitude que cumpra adoptar fronte ás persoas enquisadas para lograr a súa atención e confianza, respectando os seus dereitos, de acordo co código ético ESOMAR e outros, con obxecto de que a información sexa fiable, veraz e adecuada ao obxe

CA2.1 Comprobose a formalización completa dos cuestionarios, identificando os aspectos non cubertos, e propuxéronse medidas correctoras para a súa validación.

CA2.2 Comprobose o cumprimento das cotas de resposta e as enquisas realizadas, de acordo cos niveis establecidos no plan de investigación comercial.

4.5.e) Contidos
Contidos

Métodos de enquisa.

0Caderno de traballo de campo.

Fases do proceso e desenvolvemento dunha entrevista

Dereitos e deberes das persoas enquisadas.

Códigos éticos na obtención de datos por enquisa: código ESOMAR, etc.

Enquisa persoal: en soporte impreso (PAPI) e asistida por computador (CAPI e MCAPI).

Enquisa telefónica: enquisa telefónica asistida por computador (CATI)

Enquisa a través de internet: enquisa en liña asistida por computador (CAWI).

Enquisa postal: peculiaridades. Carta de presentación.

Cuestionario: partes e elementos; tipos.

Metodoloxía para o deseño do cuestionario.

Pretest do cuestionario.

Contorno da entrevista. Guía da entrevista e argumentario da investigación.

Criterios e técnicas de supervisión e control do traballo de campo.

Verificación de cuestionarios: edición, rexistro, codificación e transferencia de datos.

Medidas para a corrección e a validación dos cuestionarios.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A avaliación do traballo de campo dunha investigación comercial	21

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta o cuestionario e as instrucións recibidas para a realización da enquisa, utilizando con eficacia os medios dispoñibles para garantir a exactitude e a validez das respostas.	NO
RA2 - Establece o sistema de avaliación e control do traballo de campo e o desempeño dos membros do equipo, aplicando técnicas de supervisión e control, para asegurar a calidade do proceso.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Atendéronse e resolvéronse axiña e con eficacia as incidencias, as queixas e as reclamacións xurdidas durante a enquisa, de acordo co establecido no plan de traballo e solicitando, de ser o caso, o apoio da persoa responsable da investigación.
CA1.8 Elaboráronse informes coa información derivada das incidencias, as reclamacións e as resolucións adoptadas, utilizando aplicacións informáticas.
CA2.1 Comprobouse a formalización completa dos cuestionarios, identificando os aspectos non cubertos, e propuxéronse medidas correctoras para a súa validación.
CA2.2 Comprobouse o cumprimento das cotas de resposta e as enquisas realizadas, de acordo cos niveis establecidos no plan de investigación comercial.
CA2.3 Estableceuse o sistema de control da recollida de datos mediante a comprobación dunha mostra das persoas entrevistadas por ruta, día e persoa entrevistadora, para asegurar a veracidade dos datos obtidos na enquisa.
CA2.4 Establecéronse sistemas de control permanente dos xeitos de contacto e cotas mostrais, para garantir que as persoas enquisadas se axusten ao perfil que exige o estudo.
CA2.5 Comparáronse os datos obtidos por cada membro do equipo coa media do equipo e coas da organización, e propuxéronse medidas correctoras para reconducir as desviacións detectadas, de cara á consecución dos obxectivos previstos.
CA2.6 Realizouse a avaliación do traballo de campo de cada membro do equipo, incluíndo, de ser o caso, propostas de mellora e propondo primas ou retribucións das persoas enquisadoras en función dos resultados.
CA2.7 Redactáronse informes sobre o seguimento e o control do traballo de campo, de acordo coas especificacións recibidas, incluíndo gráficos e táboas que faciliten a interpretación da información e utilizando as aplicacións informáticas axeitadas.
CA2.8 Recolleuse no informe a avaliación dos obxectivos e os erros detectados, incluíndo, de ser o caso, recomendacións, suxestións e/ou propostas de mellora.

4.6.e) Contidos

Contidos
Dereitos e deberes das persoas enquisadas.
Códigos éticos na obtención de datos por enquisa: código ESOMAR, etc.
Solución de problemas no traballo de campo: rexeiramentos e ausencias. Incidencias e reclamacións xudxidas no transcurso da enquisa.
Técnicas de resolución de reclamacións e queixas na enquisa.
Criterios e técnicas de supervisión e control do traballo de campo.
Verificación de cuestionarios: edición, rexistro, codificación e transferencia de datos.
Medidas para a corrección e a validación dos cuestionarios.
Avaliación da calidade do traballo e desempeño das persoas enquisadoras.
Razóns de control.
Propostas de mellora e corrección de erros.
Informes de avaliación e control da actividade do persoal enquisador.
Elaboración de informes de control do traballo de campo que recollan a avaliación dos obxectivos e os erros detectados, utilizando as aplicacións informáticas.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para a avaliación positiva do módulo son:

- Elaborar un plan de traballo de campo nunha investigación comercial.
- Determinar as fases do traballo de campo nunha investigación comercial.
- Planificar os medios e recursos necesarios para o traballo de campo nunha investigación comercial.
- Elaborar o caderno de campo das persoas enquisadoras dun traballo de campo nunha investigación comercial.
- Localizar físicamente os elementos de mostra dunha investigación comercial con traballo de campo.
- Determinar o número de persoas enquisadoras ou entrevistadoras necesarias para o traballo de campo dunha investigación comercial.

- Determinar as características, habilidades e coñecementos que se lles exixirá as persoas enquisadoras dun traballo de campo nunha investigación comercial.
- Describir o perfil profesional que deberán posuír as persoas enquisadoras no traballo de campo nunha investigación comercial.
- Determinar as necesidades de formación e reciclaxe do persoal para o traballo de campo nunha investigación comercial.
- Determinar os sistemas de retribución e promoción do persoal para o traballo de campo nunha investigación comercial.
- Coñecer as diferentes técnicas de traballo de campo.

Para a avaliación do alumnado vanse empregar as seguintes técnicas e instrumentos:

- Realización das actividades e casos prácticos propostos.
- Probas escritas.
- Probas de produto esixidas nas distintas unidades didácticas
- Observación do alumnado durante a realización de enquisas e outras actividades de campo que teñan lugar no IES A Guía.

A avaliación realizarase por Unidades Didácticas. A nota da avaliación será a medida das cualificacións obtidas nas unidades didácticas impartidas nese período. Se algún/unha alumno/a suspendese algunha unidade didáctica da avaliación terá opción de recuperala nun exame de avaliación trimestral ao que tamén poderán presentarse os alumnos/as que por algunha razón xustificada non se tiveran presentado ás probas das unidades.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán en cada unidade didáctica poderán consistir en:

a. Probas de coñecementos:

- i. Terán formato de exame escrito e poderán incluír preguntas curtas e/ou a desenvolver, cuestionarios tipo test ou supostos prácticos.
- ii. Conterán instrucións de realización con indicación de cualificación máxima por preguntas ou apartados.
- iii. Nos cuestionarios tipo test se indicará o número mínimo de preguntas que se deben contestar positivamente para acadar unha avaliación positiva. As respostas erróneas non restarán.
- iv. Nos exames escritos con preguntas a desenvolver ou supostos prácticos empréganse rúbricas de avaliación concretas.
- v. As probas poderán ser combinadas.
- vi. En cada período de avaliación parcial (decembro, marzo) este tipo de probas (exames) puntuarase sobre 10 e terán un peso do 50% na calificación final.

b. Probas de produto e/ou desempeño:

- i. Poderán consistir en resolución de casos, traballos de investigación, memorias, fichas, plans, obxectos e defensas orais tanto en grupo como individuais.
- ii. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual...), de debe ser defendido, os prazos de presentación, e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores). Un produto non presentado puntuarase con cero.
- iii. Cualifícanse con táboas de indicadores (rúbricas) e puntuarase de 1 a 10.
- iv. Nas táboas de indicadores empregaranse os seguintes bloques: expresión escrita, , formato , ortografía e presentación, creatividade e nivel de contido.

v. Se o produto que se pide trae asociada unha exposición oral (defensa) esta será avaliada por separado coa súa correspondente táboa de indicadores que incluírán os seguintes bloques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación, creatividade e apoio visual.

vi. Este tipo de probas poderán ser combinadas.

vii. En cada período de avaliación este tipo de probas terá un peso do 50% na cualificación final. A nota correspondente a esta parte será o resultado de aplicar a media das notas das probas de produto ou desempeño realizadas.

En todo caso, será necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 para poder superar o módulo.

c. Tarefas de aula non puntuables directamente.

Estas tarefas buscan reforzar a aprendizaxe e poderán consistir en: buscas en Internet de conceptos, solución de casos ficticios, lecturas, análise de situacións, etc, e se desenvolverán na aula no tempo das sesións presenciais. A realización destas tarefas axudará a axustar a nota final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos/as con dereito a "avaliación continua" que non superen algunha avaliación ou que non se personen nalgunha proba, terán unha segunda oportunidade de recuperación no exame final coa avaliación que teñan pendente de superar.

Os alumnos que teñan perdido o dereito de Avaliación Continua terán dereito a realizar tan só un exame final no mes de xuño, nas datas establecidas polo IES A Guía.

Con independencia do sinalado o profesor ou profesora poderá recomendar a realización de exercicios e actividades aos alumnos ou alumnas con dificultades de aprendizaxe da materia, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma.

Igualmente poderán establecerse polo profesor ou profesora actividades de reforzo a realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo.

As actividades de recuperación están definidas do seguinte xeito:

1. As probas con cualificacións inferiores a 5 puntos deberán ser superadas nas datas correspondentes.
2. Se a nota da 1a ou 2a avaliación resulta inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente aquelas probas de coñecemento ou de produtos e/ou desempeños que, individualmente obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.
3. As actividades de recuperación desenvolveranse no período de abril a xuño aínda que durante o curso se establezan para cada proba non superada, outros períodos de recuperación en datas anteriores.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo co artigo 2.3 da orde do 30 de xullo de 2007 e art. 25.3 da Orde de 12.07.11 o alumnado que acumule un número de faltas de asistencia superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua. Tendo en conta:

1. O alumnado perde a avaliación continua cando ten un 10% de faltas de asistencia sen xustificar, salvo para o alumnado deportista de alto rendemento ao que se lle aplica outra porcentaxe.
2. Elaborarase unha proba que permita cualificar as unidades didácticas do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de cualificación máxima por preguntas ou apartados. Consistirá nunha proba escrita que contemple cuestionarios e casos prácticos.
3. O alumnado non terá que examinarse das unidades didácticas superadas antes da perda da avaliación continua. Ou sexa, estarán exentos de contestar aquelas partes da proba que conteña cuestións relacionadas coas unidades superadas. Esta exención lle será comunicada individualmente ás persoas afectadas,
4. As probas conterán o número suficiente de preguntas/supositos que permitan avaliar axeitadamente os CAs do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. O seguimento da programación por parte da docente incluírá alomenos unha revisión mensual sobre a impartición de contidos e a realización das tarefas programadas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Consistirá nunha presentación dos alumnos/as na aula e na realización dunha proba inicial de coñecemento que servirá para valorar o nivel formativo do grupo. Posteriormente, en común co equipo docente, farase unha valoración máis axustada. Novamente, e de forma continua, farase un seguimento do alumnado en colaboración co titor/a e outros membros da comunidade docente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Por todo o anterior, a atención personalizada ao alumno/a na aula será a medida de reforzo principal. Ademais empregaranse outras ferramentas de apoio tales como:

- Recuperacións das partes non superadas
- Tarefas específicas de reforzo.
- Introducción de estratexias e ferramentas que reforcen a adquisición de competencias
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.

De forma complementaria poderanse establecer medidas adaptadas ás circunstancias particulares do alumno/a en colaboración co Departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Transmitiranse tamén valores cívicos e de consumo sostible que fagan que os alumnos/as adquiren maior compromiso cidadán e de respecto á sociedade. Ademais trataranse de introducir valores de carácter profesional útiles no mundo laboral (traballo en equipo, disciplina, responsabilidade, resiliencia, tolerancia, cooperación...).

Así ben, deberanse traballar co alumnado estes e outros valores de forma transversal e simultánea á transmisión de coñecementos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- a) Coa finalidade de analizar distintas situacións ,sempre que sexa posible e co permiso da Consellería de Educación, poderanse realizar actuacións na rúa ou mesmo en espazos comerciais, tales como:
- Centros comerciais abertos significativos da Comunidade Autónoma de Galicia
 - Centros comerciais pechados, cash and carry, etc.
 - Espazos de eventos, feiras, etc.
 - Mercados de abastos, supermercados, hipermercados, mercadinhos semanais, etc.
 - Instalacións do ámbito empresarial
 - Outros espazos

10.Outros apartados**10.1) Aula virtual**

Para o apoio da aprendizaxe o alumnado conta cunha aula virtual.